Visto que pola Xunta de Goberno Local de data 19/08/2021 aprobouse iniciar o expediente de contratación e aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para que a obra se contratase por procedemento aberto simplificado.

Visto que se publicou o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web do Concello de Lourenzá e na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia.

Vista a acta de apertura de proposicións na que consta que se presentaron as seguintes empresas:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	IVE	OFERTA TOTAL	IMPORT E BAIXA	PUNTOS OFERTA ECONÓMICA	MELL O RA	PUNTOS MELLOR A	TO PU C



## Concello de Lourenzá

						OBRA		
<b>RAMSEI S.L.</b>	231.231,50	48.558, 62	279.790, 12	0	0	PROP. 3	70	70
<b>GRUPO BASCUAS</b>	225.450,71	47.344, 65	272.795, 36	5.780,79	4,28	-----	0	4,28
<b>CONSTRUCCION ES ISIDRO OTERO, S.L.</b>	224.063,22	47.053, 30	271.116, 62	7.168,28	5,30	-----	0	5,30
<b>CONSTRUCCION ES Y CANALIZACION ES SAA, .S.L.</b>	217.712,21	45.719, 56	263.431, 77	13.519,2 9	10	PROP. 1	90	100
<b>T.A.ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.</b>	225.450,72	47.344, 65	272.795, 37	5.780,78	4,27	PROP. 1	90	94,27
<b>ECOASFALT</b>	227.700,00	47.817, 00	275.517, 00	3.531,50	2,60	PROP. 1	90	92,60

Visto que a Mesa de Contratación, na data 25/10/2021 propuxo como adxudicatario para a execución da obra REGENERACIÓN DEL PAVIMENTO DE CAMINOS MUNICIPALES EN EL CONCELLO DE LOURENZÁ á Empresa CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., con CIF. B-27156801, e domicilio social en Costa do Castro núm.1, portal 1,Entreplanta A,(27780 FOZ) por ser a oferta más vantaxosa.

Visto que efectivamente o licitador que presentou a proposta más vantaxosa no procedemento negociado con publicidade convocado ó efecto, CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., con CIF. B-27156801, un importe de Duascentas dezasete mil setecentos doce euros con vinte e céntimos (217.712,21), e Corenta e cinco mil setecentos dezanove euros cincuenta e seis céntimos (45.719,56) correspondente o IVE, facendo un total de DUASCENTAS SESENTA E TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E UN EUROS CINQUENTA E SETE CÉNTIMOS (263.431,77) e unha mellora de obra consistente en 40.775,25 m<sup>2</sup> de rega de selaxe a base de 1,2 kgs. de ligante, tipo ECR-3 e de area lavada para protección contra a rodadura (Proposta 1) a un prezzo unitario de 1,02 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:  
PRIMEIRO.- Requirir á Empresa CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L., con CIF. B-27156801, e domicilio social en Costa do Castro núm.1,Entreplanta A,(27780 FOZ) e na súa representación a D. José Saa Sánchez, con NIF.\*\*\*\*0023-H, para que no prazo de sete días hábiles a partir



## Concello de Lourenzá

notificación do presente acordo, proceda á constitución da garantía definitiva que supón o 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto do valor engadido, ascendendo polo tanto a Dez mil oitocentos oitenta e cinco euros con sesenta e un céntimos (10.885,61).

Igualmente, de conformidade co disposto na cláusula Terceira dos pregos, deberá presentar os certificados de estar ó día nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria, coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesourería da Seguridade Social así como a Alta no Imposto de Actividades Económicas, no epígrafe que corresponda e xustificante do ultimo recibo ou, no seu caso, certificación a AEAT de estar exento, e documentación acreditativa da subcontratación, no seu caso.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a empresa adxudicataria, Construcciones y Canalizaciones Jose Saa S.L. para o seu coñecemento e efectos oportunos .

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para que proceda a adxudicación da obra ó contratista no caso de que presente toda a documentación requirida así como para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios ¡ncluída a sinatura do preceptivo contrato.

### **Expediente 633/2017. ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO COOPERACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIACIÓN E CONTRATACIÓN SERVIZO REALIZACIÓN INVENTARIO OCUPACIÓN PRIVATIVA DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día e unha vez visto o escrito achegado pola Exma Deputación Provincial en data 14/09/2021, rexistrado nas oficinas municipais o mesmo día co núm.1843, co Asunto: *Remisión Addenda Convenio para a su sinatura*, pola Alcaldía deuse conta do contido da Addenda que fora asinada o 01/10/2021 e enviada a Exma. Deputación e pola que se modificaba o contido das cláusulas primeira, segunda ,quinta e o anexo.

A Xunta de Goberno, enterada do contido da ADDENDA II do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A FINANCIACIÓN E CONTRATACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO: REALIZACIÓN DE INVENTARIO DE OCUPACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Ratificar a aprobación da Addenda II do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A FINANCIACIÓN E CONTRATACIÓN



## Concello de Lourenzá

**CONXUNTA DO SERVIZO: REALIZACIÓN DE INVENTARIO DE OCUPACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL**, sendo o contido da mesma o que se transmite a continuación:

**"ADDENDA II AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LOURENZÁ PARA A FINANCIACIÓN E CONTRATACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO: REALIZACIÓN DE INVENTARIO DE OCUPACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, INFORME TÉCNICO- ECONÓMICO E PROPOSTA DE TARIFAS PARA A IMPOSICIÓN E REGULACIÓN DA TAXA CORRESPONDENTE DAS INSTALACIÓNNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GAS.**

**REUNIDOS**

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P2700000-I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

Da outra dona Rocío López García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá con C.I.F. P2702700-B e sede social en Praza Conde Santo s/n, 27760 Lourenzá, en virtude das facultades representativas que ten atribuídas polo artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Ante dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Actuando as partes en razón das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda, EXPOÑEN

Primeiro- A Xunta de Goberno da Deputación, mediante acordo de data 11 de maio de 2018 resolveu prestar a aprobación ao Convenio interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e os Concellos adheridos para financiación e contratación conxunta do servizo: realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico-económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas. Con data 20 de xullo de 2018 a Xunta de Goberno aprobou a addenda ao convenio interadministrativo, onde se modificou a cláusula primeira, segunda e anexo, pasando dun orzamento total de 251.809,5 euros e 52 concellos, a un orzamento total de 264.939,55 euros e 53 concellos adheridos.

Segundo- Ante a imposibilidade material de execución do obxecto do convenio (dentro do prazo de vixencia do mesmo) derivada de causas sobrevenidas imposibles de prever no momento que tivo lugar a licitación do contrato de servizos, vese necesaria a modificación das cláusulas primeira, segunda, quinta e anexo do convenio.

Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subsciben a presente Addenda con suxeición ás seguintes CLÁUSULAS :



## Concello de Lourenzá

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar a cláusula primeira, segunda, quinta e anexo (de concellos adheridos) da addenda I, que quedarán redactadas como segue:

### "PRIMEIRA.- Obxecto

O convenio ten por obxecto articular a cooperación entre a Deputación provincial e o Concello ao comezo referenciado, con fundamento no interese común de ámbalas dúas Entidades Locais na elaboración e aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, cofinanciando os gastos derivados da contratación dos servizos necesarios para a aprobación da citada ordenanza, asumindo ademais a Deputación a contratación conxunta dos mesmos para todos os municipios interesados na implantación e ordenación da taxa e que son un total de cincuenta e cinco municipios.

Así, por un lado, facilitase aos Municipios o exercicio da potestade tributaria de que veñen investidos aumentando os seus recursos tributarios; e, doutro lado, a Deputación actualiza a súa misión institucional básica, cal é a cooperación económico e asistencia técnica aos concellos no desenvolvemento das súas competencias propias.

### SEGUNDA.- Achechas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do convenio de interadministrativo, as partes subscritoras conveñen os seguintes compromisos:

#### Concellos:

- A tramitar e aprobar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polas instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, sempre que cando o potencial recadatorio da mesma así o aconselle.
- A cofinanciar nun 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizo para:

- Inventario definitivo de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal con base no inventario previo feito polos servizos técnicos da deputación e o inventario de gaseoductos. Estudos técnicos económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal.

- Proposta de tarifas.

O concello deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados co finaciamento mediante certificado de retención de crédito e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio, co carácter previo á licitación.

A aportación municipal que por este convenio se compromete será ingresada na conta da Deputación ES04-2080-0163-8531-1000-0423 no prazo dos trinta días hábiles seguintes ao da entrega ao concello do Inventario de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal, dos estudios técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal e da proposta de tarifas.

De non facerse efectivo o ingreso no prazo antes sinalado a Deputación queda



## Concello de Lourenzá

expresa e formalmente autorizada para proceder á compensación do importe da cofinanciación comprometida polo Concello con cargo aos créditos dos que sexa titular fronte a Deputación, minorando as obrigas líquidas e esixibles correspondentes.

□ A facilitar ao contratista adxudicatario do contrato de servizos a información de que dispoña, así como as autorizacións precisas para levar a cabo as indagacións necesarias para a execución do contrato, tanto no Catastro como no Rexistro da Propiedade.

### Deputación

□ Realizar o estudio-inventario das afeccións das liñas eléctricas aos bens municipais de dominio público e dos gaseoductos.

□ A cofinanciar nunha porcentaxe do 50 por 100 os gastos derivados do contrato de servizos de referencia.

□ A tramitar o correspondente procedemento de contratación conxunta dos servizos obxecto deste Convenio.

□ A poñer a disposición de cada un dos concellos o resultado do contrato no que se refire ao seu municipio.

O valor estimado do contrato de servizos conxunto é de 218.958,28 euros, más o 21 por 100 de IVE. Así a aportación a que se compromete o Concello asinante é a sinalada no anexo que se une a esta addenda.

A aportación da Deputación será de igual importe que a do concello.

As citadas cantidades son, en principio, as máximas que se asumen, non obstante o anterior, se na execución do contrato xurdiran modificacións das mesmas, tal incremento será cofinanciado polas partes nas mesmas porcentaxes.

No suposto de que o prezo que finalmente se abone ao contratista sexa inferior ao valor estimado más IVE, por terse producido baixas na licitación, porcentaxe de minoración que a mesma supoña aplicarase ás respectivas aportacións. A imputación orzamentaria do gasto será con cargo a anualidade de 2021.

### QUINTA.- Vixencia do convenio

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos polo mesmo. A estos efectos establecerase como data límite, salvo prórroga expresa antes da finalización do prazo, o 11 de maio de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público.

### ANEXO

CIF	NOME	VALOR ESTIMADO	ADXUDICADO	APORTACIÓN CONCELLO/ DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO/ DEPUTACIÓN CON IVE



## Concello de Lourenzá

P2702700	LOURENZÁ	3.890,43	4.707,42	1.945,22	2.353,72
B					

SEGUNDO.- Aprobar o pago á Exma. Deputación Provincial da cantidad de Dous mil trescentos cincuenta e tres euros co setenta e dous céntimos (2.353,72.-) de conformidade co Anexo I, da Addenda II do Convenio e unha vez entregado pola empresa o Inventario de utilizacións privativas ou aproveitamento especial do dominio público municipal, os estudios técnico-económicos legalmente esixidos para a aprobación da ordenanza fiscal e a proposta de tarifas.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcadesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

CUARTO.- Achegar á Exma. Deputación Provincial certificación do presente acordo así como o xustificante do ingreso realizado.

### **Expediente 714/2017.LIQUIDACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN 23/06/2016 PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ROZA NOS CONCELLOS DE LOURENZA E TRABADA"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Vista a LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CONVENIO COLABORACIÓN DE 23/06/2016 PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ROZA NOS CONCELLOS DE LOURENZA E TRABADA", presentada por Secretaría-Intervención de data 19/10/21 e sendo o seu contido literal o que segue:

*"Vista a Cláusula Décima, referente á vixencia, do Convenio de Colaboración para a xestión compartida do servizo de "Limpeza de espazos naturais e roza nos concellos de Lourenzá e Trabada" na que establecése a súa vixencia ata o día 31/12/2016, salvo no que se refire ós bens aos que se destinará o fin concreto para o cal se concede a subvención durante un período de cinco anos de conformidade co disposto no artigo 28.d) da Orde de 28 de decembro do 2015.*

Visto que ó abeiro do Convenio citado adquiriuse con data 29/09/2016 e coa titularidade compartida entre os dous concellos, un TRACTOR MARCA LANDINI, SERIE 6L, DENOMINACIÓN 6-145L, MATRÍCULA E6899BGP, que figura a nome do Concello de Lourenzá e por un importe de SESENTA E NOVE MIL NOVECENTOS (67.900,00) EUROS.

Visto que segundo a data da factura (29/06/2016), o período dos cinco anos finalizouse o pasado 29/09/2021 e considerando que





## Concello de Lourenzá

ambas partes están de acordo en proceder a súa liquidación.

Visto que solicitouse presuposto para a valoración independente a tres técnicos, resultado ser a oferta más vantaxosa a presentada por D. D. José López Fernández, con NIF. 33845421-R, Colexiado núm.187 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo

Visto o informe de valoración de data 01/10/2021 do técnico independente D. José López Fernández, Colexiado núm.187 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, no que se efectúa a seguinte valoración:

IDENTIFICACIÓN DO BEN	ANO COMPRA	VALOR DE COMPRA	VALOR ACTUAL
TRACTOR MARCA LANDINI	29/09/2016	67.900,00	45.266,67

Visto que a titularidade é compartida ó 50% para o cada un dos concellos, Lourenzá e Trabada.


Considerando ós datos enumerados , realizaase por parte da Secretaría-Intervención do Concello de Lourenzá, dado que o citado tractor figura a nome deste Concello, a LIQUIDACIÓN PROVISIONAL de conformidade co informe do técnico de valoración:

-TRACTOR MARCA LANDINI SERIE 6L-DENOMINACIÓN 6-145L, MATRÍCULA E6899BGP: Consta que a valoración ascende a 45.266,67 euros e que o Concello de Lourenzá debe adquirir o 50% da sua titularidade(45.266,67:2), o importe que tería que pagar o Concello de TRABADA ascendería a VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (22.633,33.-).

O importe indicado deberá ser ingresado como requisito previo para a entrega respectiva das máquina en cuestión, mediante transferencia bancaria na conta bancaria titularidade do Concello de Trabada, debendo aportar resgado bancario acreditativo da transferencia realizada."

Visto que o Concello de Trabada, por Resolución da Alcaldía Núm. 403/2021 de data 27/10/2021 aprobou dita Liquidación que lle fora remitida polo concello de Lourenzá.

A Xunta de Goberno Local unha vez coñecido o contido da mesma e indicándose pola Alcaldía que tanto á valoración como a porcentaxe eran conformes cos datos que obran no expediente, e que a intención dos dous Concellos era efectuar a Liquidación do Convenio de colaboración para a xestión compartida do servizo de "Limpeza de espazos naturais e roza nos concellos de Lourenzá e Trabada", que fora asinado 23/06/2016, e concretamente o Concello de Lourenzá estaba interesado en adquirir o restante 50% pertencente ó concello de Trabada, e así, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:





## Concello de Lourenzá

PRIMEIRO.- Aprobar a Liquidación do Convenio de Colaboración de 23/06/2016 PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E ROZA NOS CONCELLOS DE LOURENZA E TRABADA",

SEGUNDO.- Consecuentemente, comprometerse a abonar ó Concello de TRABADA, como trámite previo para adquirir a titularidade do Tractor que se describe a continuación, a cantidade de *VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (22.633,33.-)*, con cargo á partida 150.619 do vixente presuposto de gastos.

*Unha vez feita a transferencia achegarase ó Concello de Trabada a certificación do presente acordo e xustificante acreditativo do pago efectuado.*

IDENTIFICACIÓN DO BEN	VALOR ACTUAL	50% ABONAR Ó CONCELLO DE TRABADA
TRACTOR MARCA LANDINI ,SERIE 6L-DENOMINACIÓN 6-145L, MATRÍCULA E6899BGP	45.266,67	22.633,33

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcadesa, Dña. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

CUARTO.- Acheagar ó Concello de Trabada certificación do presente acordo así como xustificante da transferencia realizada, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### Expediente 18/2021. APROBACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO DE TURISMO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2021

Favorable


**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto que no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo correspondente o exercicio do 2021 estaba incluído dentro das actividades turísticas o proxecto da "XXX Festa da Faba", das que non se puideron celebrar parte delas por mor da pandemia do Covid19.

Visto o Proxecto de Xornadas da Faba en Lourenzá que se transcribe seguidamente:

#### **"XUSTIFICACIÓN DO NOVO PROXECTO**

Este novo proxecto de Turismo que se presenta para ser examinado e aprobado, se procede, pola Xunta de Goberno Local deste concello de Lourenzá, e posterior envío para a súa aprobación ante a Deputación Provincial de Lugo, substitúe o que inicialmente se presentou e foi aprobado por este organismo provincial, ben motivada a súa





## Concello de Lourenzá

modificación polas medidas impostas por mor da pandemia do Covid19, que impide a realización completa das diferentes actividades que se incluiron no evento turístico denominado: "XXX festa da Faba" do citado Plan Único de 2.021. ; e mantendo os mesmo obxectivos que os incluidos no plan inicial presentado e que se poden resumir en acadar coas actividades que se van levar a cabo promocionar a faba como recurso turístico .

### **ACTIVIDADES A LEVAR A CABO**

- a) Actuacións musicais que formentan a cultura e a tradición galega , a súa divulgación e a súa posta en valor
- b) Realización dun schowcooking.- Con esta actividade elaboraranse pratos coa faba de Lourenzá a cargo de expertos cocíñeiros galegos, acompañados das explicacións pertinentes para os asistentes á actividade
- c) Elaboración de tapas con faba de Lourenzá por parte dos establecementos hosteleiros locais

### **TEMPORALIZACIÓN**

1, 2 e 3 de outubro de 2021

### **ORZAMENTO DESAGREGADO**

Cartelería	<u>133,10 €</u>
Publicidade en diferentes medios de comunicación ( prensa, TVG)	<u>3381,10 €</u>
Showcooking	<u>2117,50 €</u>
Actuacións Musicais	<u>10.377,41 €</u>
Fabas para elaboración de tapas nos establecementos de hostelería locais	<u>648,08 €</u>
Material funxible para o desenvolvemento das xornadas	<u>78,30 €</u>
<b>SUMA</b>	<b><u>16.735,49 €</u></b>

### **FINANCIAMENTO:**

A CARGO DO PLAN ÚNICO 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	<u>12.000 €</u>
CON FONDOS PROPIOS DO CONCELLO DE LOURENZÁ	<u>4.735,49 €</u>

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade,  
ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto denominado “ Xornadas da Faba en Lourenzá” así como a substitución deste proxecto polo de "XXX Festa da Faba" que non se pudo celebrar polo Covid19.

SEGUNDO: Solicitar á Deputación Provincial de Lugo, o cambio de proxecto incluído no Plan Único do 2021, substituindo o da "XXX Festa da Faba" por "Xornadas da Faba en Lourenzá"





## Concello de Lourenzá

### ALTA SAF LIBRE CONCORRENCEA DE DON CASIMIRO RODRIGUEZ ESTUA

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista o Informe Técnico-Proposta de Resolución da Traballadora Social do Concello de data 13/10/21, relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. CASIMIRO RODRÍGUEZ ESTÚA con DNI. núm. \*\*\*\*1782W, con domicilio en Pousada, 4 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, na modalidade de libre concorrenza de D. CASIMIRO RODRÍGUEZ ESTÚA de 20 horas ao mes polo que deberá abonar cento vinte e cinco euros (125,00) mensualmente o que supón a 6,25 euros/hora.

### ALTA SAF DEPENDENCIA DE DONA ERMINDA LOUREIRO PIÑEIRO

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa á comunicación do alta no Servizo de Axuda no Fogar a través do programa de dependencia de Dª. ERMINDA LOUREIRO PIÑEIRO con DNI. núm. \*\*\*9874L, con domicilio en Regueira núm. 13 da Parroquia de Santo Tomé deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de dependencia a Dª. ERMINDA LOUREIRO PIÑEIRO de 20 horas ao mes polo que deberá abonar cincuenta e cinco euros ao mes (55,00) o que supón o 2,75% da súa capacidade económica. \_

### ALTA SAF LIBRE CONCORRENCEA DE DONA JOSEFA VARELA DOCAMPO

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista o Informe Técnico-Proposta de Resolución da Traballadora Social do Concello de data 21/09/21, relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrenza de Dª. JOSEFA VARELA DOCAMPO con DNI. núm. \*\*\*8974R, con domicilio en Souto, núm. 4 da Parroquia de Santa María deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en



## Concello de Lourenzá

votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", na modalidade de libre concorrencia de Dª. JOSEFA VARELA DOCAMPO de 16 horas ao mes polo que deberá abonar sesenta euros (60,00) mensualmente o que supón a 3,75 euros/hora. \_

### Expediente 230/2018. ALTA SAF LIBRE CONCURRENCIA DE D.JOSE MARIA MARFUL GAYOSO.

Favorable	Tipo de votación:
	Unanimidade/Asentimento
Vista o Informe Técnico-Proposta de Resolución da Traballadora Social do Concello de data 14/07/21, relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. JOSÉ Mª MARFUL GAYOSO con DNI. núm. ****1200H, con domicilio en Igrexa núm. 1 da Parroquia de Santo Tomé deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:	
Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", na modalidade de libre concorrencia de D. JOSÉ Mª MARFUL GAYOSO de 8 horas ao mes polo que deberá abonar sesenta euros (60,00) mensualmente o que supón a 7,50 euros/hora.	

### BAIXA SAF DEPENDENCIA DE D. FELIX NICANOR VARELA ANDÍA.

Favorable	Tipo de votación:
	Unanimidade/Asentimento
Visto informe da Traballadora Social de data 09/09/21, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. FÉLIX NICANOR VARELA ANDÍA con D.N.I. nº ****7476A con domicilio en O Batán, núm. 1 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, por falecemento do beneficiario, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:	
Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. Félix Nicanor Varela Andía.	

### Expediente 546/2021. SOLICITUDE ALTA RECOLLIDA DE LIXO D. ALVARO ELOY BERMÚDEZ BARGO.

Favorable	Tipo de votación:
	Unanimidade/Asentimento
Vista solicitude núm. 2087 subscrita por D. ALVARO ELOY	





## Concello de Lourenzá

BERMÚDEZ BARGO, con N.I.F. núm. 0147E, con domicilio en Avda Ferrocarril núm. 72, Bl.2, 3º E da Coruña, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Secretario Luís Iglesias núm. 3, 1º D da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita alta con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 536/2021. SOLICITUDE ALTA DE RECOLLIDA DE LIXO. Dª TINGTING PAN**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista solicitude núm. 2014 subscrita por Dª. TINGTING PAN, con N.I.F. núm. 3891T, con domicilio en Travesía da Mariña núm. 22, baixo da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Travesía da Mariña núm. 22, baixo da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, para bazar de venta ao por menor.</p>	

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita alta con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 537/2021. SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO. Dª JOSEFA FRAGA LÓPEZ**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista solicitude núm. 2012 de 13/10/21 subscrita por D. JOSEFA FRAGA LÓPEZ con D.N.I. núm. ****6342D con domicilio en Pousada, núm. 36, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Pousada núm. 36, Santa María, que antes figuraba a nome de D. José Luís Piñeiro Reja e para que agora figure a nome de Dª. Josefa Fraga López en Pousada núm. 36, Santa María.</p>	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do cuarto trimestre do 2021.

### **Expediente 547/2021. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE VADO. D. ALVARO ELOY BERMUDEZ BARGO.**



## Concello de Lourenzá

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por D. ALVARO ELOY BERMÚDEZ BARGO, con N.I.F. núm. 0147E, con domicilio en Avda. Ferrocarril núm. 72, Bl.2, 3º E da Coruña, no que solicita o cambio de titularidade no vado que tiña concedido a nome de Dª Elda Cabaleiro Castedo en Secretario Luís Iglesias núm. 3, e para que figure a nome de D. ALVARO ELOY BERMÚDEZ BARGO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito, por unanimidade, ACORDA:

Conceder o cambio de Titularidade de vado sito en Secretario Luís Iglesias núm. 3 para que figure a nome de D. Alvaro Eloy Bermúdez Bargo.

### FACTURAS E CERTIFICACIÓNS

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

NOME E NIF. ACREDOR	NÚM. FACTURA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE ,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21256 de 01/10/21	Domingos, festivos e Sábados dependencia(74 horas.)	1.203,64
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21257 de 01/10/2021	Incidencias Dependencia (57,50 horas)	2.734,76
SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE,SL CIF.B27333160	Núm.SSPT21258 de 01/10/21	Incidencias Libre Concorrencia (10 horas)	153,45
SENEN PRIETO INGENIERIA,SL CIF. B2021116	Núm. B2021116 de 06/10/21	Redacción Proxecto Regeneración Camiños	7.053,54
<b>TOTAL</b>			<b>11.145,39</b>

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL



## Concello de Lourenzá

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNIS LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506